

Resolución de 29 de outubro de 2020, relativa á convocatoria da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de 13 de febreiro de 2020, do II Concurso de Podcasts – Radio na biblio, destinado a centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, en colaboración coa Radio Galega (CRTVG), no contexto do PLAN LÍA de Bibliotecas Escolares (Lectura, Información e Aprendizaxe).

Con data 13 de febreiro de 2020, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos fixo pública a convocatoria do II concurso de Podcasts-Radio na Biblio (en colaboración coa Radio Galega) destinado aos centros públicos non universitarios dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade que traballan coa radio como ferramenta pedagóxica, integrados ou non no programa Radio na Biblio.

Tratábase de estimular, mediante o recoñecemento de boas experiencias, a elaboración de produtos radiofónicos enfocados a salientar a riqueza do patrimonio lingüístico galego, especialmente vinculado ao medio xeográfico, cultural e humano máis próximo ao centro, así como estimular a lectura de poesía e teatro galegos.

Por mor da situación creada nos centros educativos pola covid19 na primavera de 2020, en resolución publicada o 1 de xuño no Portal Educativo ampliouse o prazo de presentación de traballos até o 9 de outubro de 2020.

Reunido o xurado para a valoración dos traballos presentados, previsto no apartado 4 da devandita convocatoria, de acordo coa proposta formulada por este xurado, e de conformidade cos apartados primeiro, segundo, quinto e sexto do texto de referencia,

RESOLVO:

Primeiro. Facer pública a relación de centros que resultan galardoados no II concurso de Podcasts-Radio na Biblio, trala selección do xurado na súa reunión do 21 de outubro de 2020.

Segundo. Conceder os premios aos centros que se relacionan no Anexo I, polos traballos que se especifican nas distintas modalidades.

Terceiro. Asignar as contías que se sinalan no mesmo anexo I aos centros seleccionados, que deberán destinarse a melloras no equipamento e infraestrutura do laboratorio/emisora de radio ou para actividades relacionadas co funcionamento deste laboratorio de radio, sempre vinculado á Biblioteca do centro. Deste esta dirección xeral facilitarase un impreso para a xustificación correspondente.

Cuarto. Conforme ao previsto no apartado 4 da convocatoria, os podcasts premiados serán difundidos pola Radio Galega a través das súas páxinas www.diariocultural.gal; así mesmo, serán difundidos a través dos medios web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (web de Bibliotecas Escolares de Galicia e outros).

O alumnado implicado nos traballos seleccionados poderán visitar as instalacións da Radio Galega en Santiago de Compostela, tras o acordo previo con esta entidade, e sempre que a situación sanitaria o permita. Desde a Asesoría de bibliotecas escolares facilitaráselles o contacto pertinente, no seu caso. Da mesma forma, a Radio Galega poderá realizar entrevistas a algúns dos grupos responsables dos traballos seleccionados.

Santiago de Compostela, (sinatura dixital)
O director Xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo





ANEXO I – TRABALLOS SELECCIONADOS NO II CONCURSO DE PODCASTS-RADIO NA BIBLIO

Modalidade	Definición	Código	Centro	Concello	Provincia	Podcast	Asignación
I	Alumnado de infantil e 1º/2º Primaria	15003054	CEIP Nicolás del Río	Cedeira	A Coruña	<i>Primavera das Letras</i>	1.000 €
		36013096	CEIP San Bartolomé	Vilanova de Arousa	Pontevedra	<i>Entrevista a Antonio García Teijeiro</i>	1.000 €
II	Alumnado de 3º a 6º Primaria	36006067	CEIP Mestre Manuel García	Oia	Pontevedra	<i>Curiosidade espacial</i>	1.000 €
		27004428	CEIP de Foz nº 1	Foz	Lugo	<i>Teatro radiofónico: Auto do alugado (Manuel María)</i>	1.000€
		36013576	CPI Suárez Marquier	O Rosal	Pontevedra	<i>O rap de Carvalho Calero</i>	1.000€
III	Alumnado de Secundaria	15026376	IES Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	<i>Argallando coas palabras</i>	1.000 €
		15026388	IES Fontexería	Muros	A Coruña	<i>Confinamento nas ondas: especial Carvalho Calero</i>	1.000 €
IV	Alumnado de BAC, ensinanza de Persoas Adultas ou Ciclos Formativos	15026376	IES Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	<i>Hoje vai de poesía</i>	1.000 €
		<i>Deserto</i>					

